

* Provincia de Ourense

Ourense

MA	Rexistro de Augas de Galicia (Demarcación das Concas Intercomunitarias de Ourense)	R. Sáenz Dfrez, 1, edificios Múltiples
----	--	--

Lobios

MA	Punto de Información do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés (sede)	Estrada de Portugal, 34
----	--	-------------------------

* Provincia de Pontevedra

Vigo

MA	Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia	R. Eduardo Cabello s/n, edificio CETMAR, 1º
MA	Rexistro de Augas de Galicia (Demarcación Galicia Sur)	San Salvador, 2, oficinas 4º andar

Consellería de Vivenda e Solo

* Provincia da Coruña

Santiago de Compostela

VI	Programa de Vivenda en Aluguer, outros e difusión información	Área Central, s/n, 1º, local 32, polígono das Fontiñas
----	---	--

Coruña

VI	Programa de Vivenda en Aluguer, outros e difusión información	R. Rianxo, 23, baixo
----	---	----------------------

Ferrol

VI	Programa de Vivenda en Aluguer, outros e difusión información	R. Magdalena, 48, baixo
----	---	-------------------------

* Provincia de Lugo

Lugo

VI	Programa de Vivenda en Aluguer, outros e difusión información	Praza da Universidade, 8, baixo
----	---	---------------------------------

* Provincia de Ourense

Ourense

VI	Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo. Información e Atención ao Cidadán	R. Progreso, 117
VI	Programa de Vivenda en Aluguer, outros e difusión información	Rúa Valente Docasar, 2

* Provincia de Pontevedra

Pontevedra

VI	Programa de Vivenda en Aluguer, outros e difusión información	Alcalde Hevia, s/n, baixo
----	---	---------------------------

Vigo

VI	Programa de Vivenda en Aluguer, outros e difusión información	R. Gran Vía, 16, baixo
VI	Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo. Información e Atención ao Cidadán	Praza da Estrela, s/n

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Decreto 219/2008, do 25 de setembro, sobre inspección de industria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros no citado decreto, publicado no DOG nº 199, do 14 de outubro de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 18.775, artigo 3.3º, onde di: «... e validez as actuacións preventivas realizadas por estes no exercicio da súa función de inspección dentro do seu ámbito competencial nas instalacións industriais e que afecten a seguridade industrial», debe dicir: «... e terán validez as actuacións preventivas realizadas por estes no exercicio da súa función de

inspección dentro do seu ámbito competencial nas instalacións industriais e que afecten a seguridade industrial».

Na páxina 18.776, no artigo 6.2º letra a), onde di: «Realizar recomendacións sobre seguridade ao titular do establecemento ou instalación industrial para lograr o máis efectivo cumprimento das disposicións a vixilancia que ten encomendadas o inspector/a», debe dicir: «Realizar recomendacións sobre seguridade ao titular do establecemento ou instalación industrial para lograr o máis efectivo cumprimento das disposicións, a vixilancia das cales ten encomendada o inspector/a».

Na páxina 18.782, no artigo 20.5º, onde di: «...e facilitarán aos funcionarios da inspección, por requirimento», debe dicir: «...e facilitaránlles, por requirimento».

Na páxina 18.782, no artigo 22.4º parágrafo 2, onde di: «A petición do titular da autorización deberá deixarse en poder deste unha mostra testemuña debidamente precintada e marcada», debe dicir: «A petición do titular da instalación deberá deixarse en poder deste unha mostra testemuña debidamente precintada e marcada».

Na páxina 18.783, artigo 26.1º onde di: «Os titulares das instalacións ou establecementos correspondente, ...», debe dicir: «Os titulares das instalacións ou establecementos, ...». Neste mesmo artigo na liña 4, onde di: «... inspección están obrigadas a dar ao inspector/a que realice a inspección...» debe dicir: «... inspección están obrigados a dar ao inspector/a que realice a inspección...».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Jorge Jove e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións, sección da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Con data do 24 de decembro de 2008 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 10 de decembro de 2008, pola que se clasifica como mixta a *Fundación Jorge Jove*, adscribíndoa á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, departamento a que corresponde o exercicio das funcións de protectorado.

A fundación, foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña, con data do vinte e tres de